



R, con desconto de 5€/mes se contratas DAZN

- **Os clientes de R poderán gozar de 5€ de desconto na súa factura se contratan o plan DAZN Total a partir do 11 de agosto.**
- **O plan DAZN Total ofrece todos os contidos de DAZN, incluíndo o fútbol con cinco partidos de LaLiga Santander por xornada durante 35 xornadas.**

Xoves, 11 de agosto de 2022.- R, o operador líder en servizos de telecomunicacións en Galicia, chegou a un acordo con DAZN, plataforma global líder de *streaming* de deportes, para que todos/as os/as seus/súas **clientes/as poidan gozar do plan DAZN Total**. Os/as clientes/as de R que contraten DAZN Total obterán **un desconto de 5€/mes** na factura de telecomunicacións durante o primeiro ano, ao contratar banda ancha e Agile TV. A cota de DAZN Total (24,99 €/mes) incluírase na factura mensual do operador.

O plan DAZN Total ofrece, ademais de 5 partidos de LaLiga Santander por xornada durante 35 xornadas, algunhas das mellores competicións internacionais de fútbol (**Premier League, UWCL, Copa Libertadores, Copa Suramericana, FA Cup ou MLS**), unha completa oferta multideportiva (**MotoGP, Moto2 e Moto3, F1, Turkish Airlines EuroLeague ou as veladas de Matchroom Boxing**), así como unha extensa programación orixinal con documentais e outros formatos especiais.

Os/as clientes/as de R poderán gozar de toda a oferta de DAZN tanto a través do decodificador de televisión de Agile TV, como en dispositivos móbiles e tabletas.

Este desconto de 5€/mes estará dispoñible para os clientes de R que contraten banda ancha e Agile TV. Ademais, o resto de clientes/as que teñan ou contraten banda ancha sen servizo de televisión poderán beneficiarse dun aforro de 1€/mes sobre a súa tarifa de telecomunicacións durante 12 meses.

Os/as clientes/as de R poderán contratar automaticamente o servizo de DAZN a través da área de cliente da web de R e unificarán o seu pago mensual na súa factura de R.

“Estamos moi contentos de lles ofrecer aos/ás nosos/as clientes/as os mellores contidos deportivos de televisión grazas ao acordo alcanzado con DAZN. Ademais, por primeira vez incluímos na nosa oferta de contidos o fútbol de primeira división de LaLiga Santander para que teñan acceso a todos os contidos de calidade e sigan sendo os/as máis satisfeitos/as do mercado”, dixo Alfredo Ramos, director de R.

Sobre R

R é o operador de telecomunicacións líder de Galicia que ofrece servizos de Internet, telefonía fixa, telefonía móbil, banda ancha e televisión dixital; e, para empresas, solucións IoT (Internet das cousas), Tecnoloxía de Smart Cities e Industria 4.0.

R, marca recoñecida con forte implicación local e líder en fibra óptica e servizos converxentes de telecomunicacións, é a opción preferida nos fogares e empresas de Galicia onde ten despregada a súa rede de fibra óptica. **R** é, ademais, unha das empresas do Grupo MASMOVIL que, en menos dun ano, converteuse na súa insignia en Galicia, onde suma 300.000 liñas de banda ancha (dous terzos delas de **R**) e preto de 780.000 liñas de móbil pospago (máis da metade delas de **R**). A integración de **R** no Grupo MASMOVIL supuxo un impulso aos resultados do operador galego polas súas afinidades nos valores esenciais de orientación ao cliente, axilidade, sostibilidade ou proximidade. Entre eses logros están tamén superar a cifra de 1,3 millóns de fogares cubertos coa fibra óptica máis avanzada do mercado e o 68% da poboación de Galicia con dispoñibilidade de acceso ao 5G.

comunicación R

prensa@mun-do-r.net

R.gal